

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VILARMAIOR***ANUNCIO de requirimento de xestión da biomasa.*

Ao non ser posible a práctica de notificación aos titulares das referencias catastrais que se relacionan a seguir, por causas non imputables a esta administración, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procede notificar mediante anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do concello, co fin de que no prazo de quince (15) días naturais, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da publicación deste edicto no *Boletín Oficial del Estado*, as persoas interesadas no procedemento procedan á xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, segundo o establecido nos artigos 21 e 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Así mesmo, ponse en coñecemento das persoas responsables que o contido íntegro da citada notificación, así como da totalidade do expediente administrativo, está á súa disposición para o seu exame e coñecemento, nas oficinas municipais do Concello de Vilarmaior, situadas na rúa Armada, nº 1, das 9.00 ás 14.00 horas, os días laborables, de luns a venres.

Referencia catastral	Titular catastral	Expediente
15092A012005500000BP	Mercedes Valiño Maceira	2023/X998/000020
15092A012005490000BT	Antonio Blanco Valiño	2023/X998/000020
15092A012005470000BP	María Valiño Díaz	2023/X998/000020
15092A012005460000BQ	Herdeiros Cagiao Leiro Francisco	2023/X998/000020

Vilarmaior, 28 de xuño de 2023

Carlos Vázquez Quintián
Alcalde

